

PROPOSTA "ALÍ" 1:

Achega de recursos en galego para persoal das escolas infantís

Co obxecto de promover o uso do galego na educación infantil deseñouse esta xornada formativa ao longo da cal se desenvolven diferentes actividades de sensibilización (audiovisuais, debates e outras dinámicas para a reflexión) que se intercalan e dan pé á presentación dos materiais educativos. Esta presentación faise atendendo a varios aspectos: idade axeitada, competencias que se traballan e se se trata de texto, música, xogos ou audiovisual.

Destinatarias: persoal das escolas infantís

Número de asistentes: 25 (aproximadamente)

Tempo: unha xornada de 8 horas*

Orzamento: 550 €

Para facilitarlles ás persoas educadoras o acceso ao material presentado, cando volvan aos seus postos de traballo, ponse á súa disposición o portal aliali.gal, onde este material aparece ordenado segundo os criterios contemplados na xornada. A páxina non só é de interese para profesionais da educación, senón tamén para nais e pais e, en xeral, para calquera persoa ou organización involucrada na formación da infancia.

* Poden dividirse as horas en varias xornadas adaptando o orzamento.

PROPOSTA "ALÍ" 2: Recursos en galego para familias

Narración oral, plástica e musical baseada no portal Alí, recursos en galego para a educación infantil

Hai moitos recursos en galego que poden empregar as nenas e nenos, mais que apenas se coñecen: música, libros, filmes, xogos e xoguetes...

O noso obxectivo é xuntalos todos e presentarllos ás familias dun xeito divertido e práctico. Para iso articulamos un obradoiro dunha hora ao que poden asistir tanto pais e nais como as súas crianzas de 0 a 6 anos. O obradoiro desenvólvese a través dun conto que

narra un día na vida de Alí, unha nena que acaba de mudarse a unha casa máxica. A través da súa historia cantaremos, bailaremos, xogaremos... e, sobre todo, coñeceremos o material dispoñible en galego para as nosas cativas e cativos.

Ao remate, presentáremoslles o portal aliali.gal, en funcionamento dende febreiro de 2015, onde dispoñen de información actualizada sobre estes materiais.

Destinatarias: familias con nenas/os de 0 a 6 anos

Número de asistentes: ata 20 nenas/os cun máximo de 2 persoas adultas por nena/o

Tempo: 45 minutos (contada + presentación do portal + manipulación do material)

Orzamento: 250 €

PROPOSTA "ALÍ" 3: A casa encantada de Alí

Narración oral, plástica e musical baseada no portal Alí, recursos en galego para a educación infantil

Alicia chega unha noite á súa nova casa, un fogar moi particular que a esperta con cancións e onde cada paso adiante lle permite descubrir cofres misteriosos cheos de xogos e ilusións.

Luís Prego e Fabaloba únense nesta historia contada e mais cantada e pintada a través das xanelas dun

fantástico Kamishibai.

No remate as persoas adultas poden asistir a unha breve presentación do portal Alí, recursos en galego para a educación infantil (aliali.gal) e, canda as nenas e nenos, manipular todo o material presentado.

Destinatarias: familias con nenas/os de 0 a 6 anos

Número de asistentes: ata 20 nenas/os cun máximo de 2 persoas adultas por nena/o

Tempo: 45 minutos (contada + presentación do portal + manipulación do material)

Orzamento: 350 €

PROPOSTA "ALÍ" 4: Este blog está alí

Creación de bitácoras de utilidade para a educación infantil que se integren no portal aliali.gal

No portal aliali.gal vaise inaugurar unha sección que ligue blogs de centros ou outras bitácoras de especial interese para a educación infantil (con propostas de actividades novidosas, novas sobre recursos, tutoriais...) Para facelo visible, cada blog levará unha icona identificativa que indique que "Este blog está ALÍ".

Con esta iniciativa preténdese entrar máis en contacto cos centros dende o proxecto "Alí, recursos en galego

para a educación infantil" e artellar unha rede de traballo conxunto, conectando tamén a profesionais de diferentes escolas para unha aprendizaxe recíproca.

Para animar ao persoal das escolas a crear e xestionar esta singular Bitácora, desenvólvese un pequeno obradoiro de deseño e xestión de blogs do que resulta un blog ALÍ por escola e as participantes contan ao cabo cos coñecementos mínimos para administralo.

Destinatarias: persoal das escolas infantís

Número de asistentes: 25 (aproximadamente)

Tempo: 3 horas


Orzamento: 250 €



A tea de araña

Actividade dirixida a nenos e nenas de educación infantil, onde se mistura a expresión corporal coa educación ambiental para narrar a historia dunha araña que vai capturando animais na súa arañeira. Cada participante deberá representar o animal e logo atopar os que son coma el.

A actividade remata coa creación colectiva dun álbum ilustrado baseado na historia.



Destinatarias: rapazada de 3 a 8 anos

Número de asistentes: ata 25 nenas e nenos

Tempo: unha hora.

Orzamento: 250 €

Cóntao ti

Ninguén sabe máis do seu concello que as persoas que viven nel, que son xa que logo as mellores guías turísticas.

Partindo disto, propónse unha actividade para que a rapazada investigue e coñeza o seu medio e o dea a coñecer para o mundo: historia, patrimonio, curiosidades, locais de interese...

A actividade complétase cunha formación práctica na que temos como resultado a presenza na rede dun blog sobre o concello creado polas propias participantes.

O programa inclúe formación sobre a creación de contidos do blog: texto, audiovisual, deseño, cartografía...



Destinatarias: alumnado de ESO

Número de asistentes: 25

Tempo: un mínimo de 3 sesión teórico-prácticas

Orzamento: 200 €/sesión

A paisaxe de...

Contacontos interactivo adaptable para infantil ou primaria e baseado en personaxes e historias da nosa tradición oral.

Para esta actividade dispomos dun arsenal de historias tan grande coma toda a fantasía da tradición oral. Partimos dun deses contos ou lendas e reelaborámolas parcialmente, adaptándolas aos nosos intereses en cada ocasión, para narrarllas oralmente á rapazada dun xeito que, ademais, requira a súa colaboración.



Destinatarias: rapaces de infantil ou primaria

Número de asistentes: 25

Tempo: 45 minutos

Orzamento: 250€ + traballo de elaboración cando sexa preciso

O conto viaxeiro

Ao longo de varias xornadas e a través de diferentes dinámicas as rapazas e rapaces participantes elaboran un conto ilustrado conxunto.

Tanto o proceso creativo, recollido en vídeo, como o material resultante non incluído no conto final, publícanse nun espazo web que serve como punto de encontro dos participantes, así como canle de difusión do proxecto e que achega ferramentas didácticas de utilidade para mestras, mestres, pais, nais, nenas e nenos.

Algúns dos contos elaborados:

contoviaxeiro.santiagodecompostela.org

evaspontos.wordpress.com

contoviaxeiroferrol.wordpress.com



Destinatarias: nenas e nenos a partir de infantil

Número de asistentes: 35 nenos/sesión

Tempo: 1 hora/sesión

Orzamento: 200 €/sesión

Literatura divertida

Renova a camisola

Obradoiro de reciclaxe e creación literaria dirixida á xente nova no que as participantes lle dan unha nova vida ás vellas camisolas, ao tempo que poñen en práctica a súa faceta artística e literaria.

Orzamento: 290 € (inclúe 25 camisolas)

Chapando a...

Obradoiro de chapas no que os rapaces aprenden como facer os seus propios prendedores ao mesmo tempo que traballan outros contidos: literarios, culturais, ambientais, etc.

Orzamento: 220 €



Destinatarias: nenas e nenos a partir de Primaria

Número de asistentes: 25

Tempo: 1 hora